

EXFIMIÑO Boletín informativo da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa
Número 34 novembro 2012
Conseiller: Luciano Lomba Vicente

EXFIMIÑO 2012
Exposición Filatélica,
Coleccionismo e Manualidades
IV Seminario Filatélico
Do 1 ó 4 de novembro de 2012
no **Recreo Artístico Guardés**

Inauguración : día 1 de novembro ás 12 h.
- Charla de J. Miguel Villa sobre *César Troncoso González*.
Horario de visitas : de 11 a 14 h. e de 17 a 20 h.
- Entrada libre

IV Seminario Filatélico : días 3 e 4 de novembro.
Horario de visitas : de 11 a 14 h. e de 17 a 20 h.
- Entrada libre.

Organiza: **Sociedade Filatélica Guardesa**

Colaboran: **Federación Gallega de Filatelia**
Recreo Artístico Guardés
Moreira & Cía.

Patrocinan: **Diputación de Pontevedra**
Concello da Guarda

Este mes de novembro a *Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa*, pon punto e final as exposicións conmemorativas do Centenario da *Sociedade Pro-Monte*. Que se viron celebrando estes últimos sete anos.

Empezamos no ano de 2005 co proxecto de homenaxear a os primeiros membros e fundadores da *Sociedade Pro-Monte Sta. Tecla*, ese ano o matasellos conmemorativo estivo adicado ao seu primeiro presidente, **Manuel Lomba Peña**.

No ano 2006 por motivos alleos a Sociedade non se celebrou a exposición, polo que no seguinte ano 2007 hubo dous matasellos adicados a os vogales **Julián López García** y **José Pedreira Sobrino**.

No 2008 estivo adicado a **Pacífico Rodríguez Rodríguez** que desempeñou o cargo de secretario.

No 2009 ao vogal e primeiro Vicepresidente **Vicente de Vicente Vicente**.

No seguinte ano 2010 a **José María González Cividanes** que foi o seu primeiro tesoureiro.

E no ano 2011 a o vogal **Antolín Silva Vicente**.
Este ano e para conmemorar o Centenario da *Sociedade Pro-Monte Sta. Tecla* o matasellos de este ano esta adicado ao vogal **Cesar Troncoso González**.

Este ciclo de homenaxes a S.F.e N.G. ten previsto finalizalo no ano 2013 con o vogal, **Constante Candeira**.



Matasellos especial concedido por Correos



Deseño de Ángel Martínez para o sello conmemorativo da EXFIMIÑO 2012

Nos últimos tempos S.F e N.G. caracterízase pola intensa actividade que ven desenrolando os seus socios, con as súas coleccións participando nas mais importantes mostras filatélicas da Península Iberica.

Cuatro coleccións de a S.F e N.G. foron premiadas na cudraxesima novena edición da Exposición Filatélica Nacional, campionato de España de filatelia EXFILNA 2011, celebrada en Valladolid.

Do 30 de setembro a o 8 de outubro do ano pasado estiveron expostas nas vitrinas da *Cúpula del Milenio* cinco coleccións de outros tantos socios da nosa Sociedade, entre outros, no día de

O pasado día 14 de Xaneiro tivo lugar no local social da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa a Asemblea Xeral Ordinaria, onde entre outros puntos a tratar o cambio de logotipo da Sociedade, o deseño e obra do socio de honra, Don Ángel Pérez que desinteresadamente, unha vez máis realizou un traballo que sorprendeu a todos os presentes na Asemblea, A Xunta Directiva en nome de todos os Socios desexa agradecer a D. Ángel Pérez o traballo e esmero co que ano tras ano vén desenvolvendo na confección de os matasellos, cartelería, etc. e agora no novo logotipo.

MARCA GRÁFICA da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa

Elementos gráficos básicos que podemos utilizar para crear unha imaxe de **marca**, partindo do nome completo da asociación :

- Sociedade
- Filatélica
- Numismática
- Guardesa

A "**Sociedade**" define a asociación, comunidade ou grupo reunido para uns intereses comúns; neste caso a afección ó coleccionismo cun fin lúdico e cultural.

As catro partes que forman un "escudo" recordan as distintas pezas dun xogo ou colección.

O escudo insinúa a defensa ou protección que supón unha asociación para os seus asociados. Tamén é a forma visual máis antiga e colectiva de simbolismo gráfico.

A "**Filatélica**" é a principal e máis recoñecida actividade desta asociación, motivo polo que vai en letras de maior tamaño no logotipo. Está representada por un selo.


A "**Numismática**" con menos adeptos neste grupo, vai en tipos máis reducidos, compensando a lonxura da palabra no consumo do logotipo. Unha moeda esquemática alude a esta rama do coleccionismo.

A "**Guardesa**" localiza a procedencia desta sociedade e sintetiza con "Filatélica" (ambas en tipografía máis alta) o nome resumido de "Filatélica Guardesa".

A bandeira da Guardia, apórtanos a cor vermella e a cruz branca que divide as catro pezas.

A svástica dos gravados pétreos procedentes do poboado de Santa Trega e conservados no seu Museo, completan a simboloxía que utilizaremos no **imago**.

Estas catro palabras de dous tamaños, intercaladas e orientadas verticalmente, forman o **logotipo**, para o que elegimos unha fonte "LITHOS REGULAR"; que nos suxire as antigas grafías fenicias e gregas, que dende o Mediterráneo contactaron cos nosos pobos castrexos atlánticos e influiron na nosa Cultura. E cultura, tamén é o coleccionismo, ademais de lecer.



5

Historia de la Sociedad Filatélica Guardesa ligada a la Sociedad Pro-Monte



Anagrama del Grupo Filatélico Guardés

El Presidente del Grupo Filatélico Guardés durante varios años presidió al mismo tiempo la Sociedad Pro-Monte y Fiestas del Monte Sta. Tecla y contando con él, como Vice-Presidente a D. Alfonso Martínez Peniza.

Ellos llevaron a cabo la labor de poner en marcha la que se conoce popularmente, Como "La Casa de la Cultura" en la calle Ramón Sobrino.

Posteriormente a finales de los años 70, la Sociedad Pro Monte deja toda actividad que venía desempeñando y en el año 1997, el "Grupo Filatélico Guardés" ante la necesidad de poseer una identificación fiscal se crean unos nuevos estatutos pasando a denominarse Sociedad Filatélica y Numismática Guardesa, aunque, como consta en sus actas, siguiendo ligada a la Sociedad Pro-Monte.

Posteriormente una nueva ley de sociedades, en el año 2003 al aprobar unos nuevos estatutos pasa a denominarse Sociedad Filatélica e Numismática Guardesa.



trabos en labores en edificios públicos.
Fundador así como os que foran
xornaleiros da súa casa e se
achaban sen traballo).

Textos de D. Joaquín Miguel Villa Álvarez



César Troncoso González cara ao ano 1914
(Fotografía cedida por Antonio Martínez Vicente)

